



## **R patrocina, un ano máis, o premio á mellor curtametraxe galega na 15ª edición do FICBUEU**

- *O operador galego reafirma o seu compromiso coa produción e coas iniciativas culturais de Galicia, implicándose tamén este ano no Festival internacional de Cinema de Bueu, referente dos certames audiovisuais dentro e fóra da comunidade autónoma.*
- *R volve patrocinar e dar nome á sección “Galicia R” do FICBUEU, cuxo premio á mellor curta galega entregárase o sábado 17 na localidade pontevedresa.*
- *A organización do Festival destacou a confianza depositada por R no FICBUEU, que ao longo de 15 anos foi medrando de xeito progresivo e sostible, internacionalizándose e ampliando a súa programación e público.”*

**Xoves, 15 de setembro de 2022.-** R entregará este sábado 17 o galardón “Galicia R” á mellor curtametraxe galega do FICBUEU, *Festival Internacional de Cinema de Bueu*, que se ten convertido nun dos máis importantes alicientes culturais da localidade pontevedresa e referente do sector audiovisual tanto autóctono como foráneo. [www.ficbueu.com](http://www.ficbueu.com)

A aposta de R polo desenvolvemento socio-cultural de Galicia mantense intacta dende o inicio da súa andaina e excede as fronteiras do meramente tecnolóxico. De feito, o acordo de colaboración entre R e o FICBUEU responde, xunto a outras motivacións, ao desexo de **ratificar ese apoio á cultura galega** en todas as súas dimensións, incluídas, como neste caso, a produción e iniciativas audiovisuais do país.

Fontes da dirección do FICBUEU aseguran que “o *patrocinio dunha empresa privada recoñecida e destacada pola súa traxectoria a un evento cultural das características do FICBUEU mostra a súa confianza cada ano neste festival que, durante os últimos quince, foi medrando de xeito progresivo e sostible, internacionalizándose e ampliando a súa programación e público*”. Nesta liña, a organización agradece “o *continuado apoio de R non só ao desenvolvemento do certame, senón tamén á cultura audiovisual galega en xeral*”.

O director de R, Alfredo Ramos, considera que “a *nosa misión vai máis aló de dotar cos mellores servizos de telecomunicacións os fogares e as empresas de Galicia. Xunto a esa, unha das nosas grandes metas, conviven outras como a responsabilidade de R para co tecido social e cultural de Galicia, apoiando iniciativas de calidade que nos enriquecen e favorecen o desenvolvemento e o avance da nosa terra.*

*Por iso estamos outra vez aquí, apoiando o FICBUEU que, como outros moitos proxectos culturais, vive este ano un momento cheo de posibilidades tras liberarse das ataduras da pandemia, que por fortuna, xa van quedando atrás”.*

## **Catro curtametraxes producidas en Galicia ou por galegos/as**

As curtametraxes galegas que optan ao premio “Galicia R” son traballos desenvolvidos na comunidade e/ou por directores/as galegos/as no último ano. Nesta 15ª edición do FICBUEU compiten polo galardón catro curtas enmarcadas na sección “Galicia R”, que se desenvolverá o sábado 17 ás 19:00 h. ([www.ficbueu.com/seccions-competitivas/galicia](http://www.ficbueu.com/seccions-competitivas/galicia)).

O xurado terá nesta ocasión que decidirse por algunha das seguintes creacións audiovisuais de metraje curta: “O niño dos paxaros” (2021), de Lucía Estévez; “El sembrador de estrellas”/“O sembrador de estrelas” (2022), de Lois Patiño; “Rompenite” (2022) de Eloy Domínguez Serén, e “Así vendrá la noche”/ “Así virá a noite” (2022), de Ángel Santos.

A organización do FICBUEU destaca tamén que “a través do Premio e da sección “Galicia R” preténdese prestar unha especial atención e valorar ao audiovisual realizado na nosa comunidade autónoma. Desta maneira, achegamos o público ao cine en formato curto feito en Galicia, moitas veces descoñecido ou pouco valorado”.

Alfredo Ramos entregará o premio “Galicia R” no acto do FICBUEU 2022, que comezará ás 21:15 h do mesmo sábado 17. Ao encontro asistirán os autores e as autoras que teñan formado parte desta décimo quinta edición do Festival e os/as integrantes dos distintos xurados das seis categorías concorrentes: Primeiro Premio, Segundo Premio, Premio do Público, Premio Descubertas, Premio R á mellor curtametraxe galega e Premio á mellor curtametraxe española.

## **14 días de actividade intensa: proxeccións, coloquios, música e máis cousas**

O certame está a desenvolver, dende o pasado 11 de setembro, unha intensa actividade que inclúe 10 seccións de proxección, máis de 100 curtametraxes internacionais, coloquios con cineastas, mesas redondas, charlas, encontros, premios e concertos. O MiniFIC, cunha programación especial pensada para pequenos/as e centros escolares, e as Xornadas Cinematográficas, centradas en charlas de profesionais recoñecidos/as do sector, son outros dous reclamos máis desta potente edición do *Festival Internacional de Cinema de Bueu* que se pechará o próximo 24 de setembro.

**comunicación R**

[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)

[R.gal](http://R.gal)